

O papel do terreo forestal en Galicia: tradición e sustentabilidade

SOURCE: MARÍA ROSA MOSQUERA LOSADA (2023). Nós Diario. <https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/papel-do-terreo-forestal-galicia-tradicion-sustentabilidade/20230220205249162797.html>

Universidade de Santiago de Compostela

A importancia do monte galego na integración agrícola e cultural

O espazo forestal galego representa preto das dúas terceiras partes de Galicia, sendo a superficie arborada a metade do todo o territorio. De xeito tradicional o uso do monte estivo vinculado agrícola e culturalmente aos labregos en Galicia, non sendo nunca unha zona improdutivo ou abandonada senón mais ben empregada polos nosos antepasados que ocupaban preto do cincuenta por cento de núcleos urbanos de España. Esta unión cultural e agrícola explica en parte o noso tradicional minifundismo.

A presenza de terreo forestal en moitos países está vinculada ao despoboamento e ao escaso uso do territorio, en Galicia, o uso do terreo forestal estivo asociado sempre a provisión de alimentos ou de fertilidade para o terreo agrícola. Bos exemplos do emprego do monte na provisión de alimento son os soutos que subministraban os hidratos de carbono necesarios para a poboación en forma de castaña antes da aparición da tinta. O uso do terreo (forestal ou agrícola) era

cíclico e servía para incrementar a fertilidade do solo agrícola. Esta integración do forestal e do agrícola témola que ter en conta para entender a paisaxe galega e o seu minifundismo.




FIGURA 1. SERRA DO COUREL, QUE SE ESTENDE POLOS CONCELLOS DE FOLGOSO, NA SUA MAIOR PARTE, QUIROGA E PEDRAFITA DO CEBREIRO. SOURCE: COUSO-VIANA, A.

O papel do gando na xestión forestal e na prevención de incendios

A presenza do gando nos montes, sobre todo as razas autóctonas é fundamental para manter os nos montes con cargas de biomasa suficientemente baixas que minimicen o risco de incendios, pero tamén para manter o mato, que sen control acaba por envellecer e ser pasto do lume ou evolucionando cara a masas arboradas coa



correspondente perda destes matos arbustivos tan importantes como hábitats para diferentes animais e vexetais en diferentes zonas da Galicia.

A produción integrada de terreo agrícola, forestal e gandeiro en Galicia era e é fundamental para poder convivir de xeito harmonioso coa nosa contorna. O terreo agrícola debe vincularse a fertilidade proveniente do sector forestal e gandeiro. Do sector forestal polo tradicional cultivo do toxo e a realización das tradicionais troleiras con queimas carentes de osixeno da biomasa sobrante, que se corresponde co moderno *biochar* e que é recoñecido polo IPCC como forma de secuestro de carbono a longo prazo e recompensado como tal os agricultores. Do sector gandeiro o terreo agrícola recibe fertilidade a través da dinamización de nutrientes que fai que o pasto arbustivo/herbáceo/arbóreo consumido se converta nos seus elementos esenciais (tralo paso polo tracto dixestivo dos animais) que son de utilidade directa polas plantas, sobre todo o nitróxeno pero tamén o fósforo e o potasio sexa mediante o pastoreo ou o emprego do purin. Pero, a súa vez, o terreo forestal beneficiase do gando pola diminución da carga combustible perpetuando a súa existencia cunha menor afectación de incendios. O gando beneficiase porque ten unha maior cantidade de alimento ao seu dispor sobre todo nos períodos de escaseza como son os veráns e os invernos.

O monte ben coidado é mais transitable e mais apreciado, polo tanto pode producir bens aos seus propietarios a través do ecoturismo.

Esta integración dos sectores forestais, agrícolas e gandeiros non é sempre comprendida pero é a que xustifica a biodiversidade de flora da rexión e polo tanto mantemento da súa xestión é indispensable para manter esta biodiversidade. A falta de entendemento desta realidade causa numerosos problemas ao entorno. Entre os detractores da presenza do gando do monte arbustivo percíbese o gando coma un axente destrutivo e polo tanto debe ser afastado do terreo arbustivo, sen entender que son as cargas gandeiras elevadas, e polo tanto a mala xestión, a que causa esta destrución dos hábitats asociados as zonas de mato grazas ao pastoreo dende hai milleiros de anos. Os detractores non entenden tampouco que a ausencia de gando no monte reduce a creación de micro hábitats por parte de animais e xera masas arbustivas case monoespecíficas, sen a presenza dun compoñente herbáceo adaptado que precisa de ser perpetuado para o seu correcto mantemento.

É esencial unha xestión integrada dos compoñentes forestais (con cargas baixas de biomasa), gandeiros (con cargas gandeiras axeitadas) e agrícola (a través da economía circular) en Galicia para a manter a sustentabilidade e a provisión dos servizos ecosistémicos do territorio.

AF4EU impulsa a agroforestería en Europa mediante a promoción de boas prácticas, o desenvolvemento de ferramentas dixitais e o apoio aos agricultores na adopción de sistemas sostibles.

Máis información!



www.af4eu.eu



responsables deles.

Este proxecto recibiu financiamento do programa de investigación e innovación Horizon Europe da Unión Europea baixo o acordo de subvención nº GA 101086563. As opinións e puntos de vista expresados son, con todo, exclusivamente dos autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea. Nin a Unión Europea nin a autoridade que concede a subvención poden ser considerados